

Sr(a). Presidente(a):

Os procesos electorais en Galicia estanse a realizar nunhas condicións de irregularidades e manipulación que unha sociedade democrática non pode permitir.

Non se trata de casos illados. Un estudio detallado das denuncias, procesos xudiciais, testemuños, probas documentais, e sentencias dos últimos 25 anos indican a existencia de un marco de actuación sistemático, intencionado e plenamente desenvolvido para manipular a vontade dos cidadáns en beneficio case exclusivo dunha organización política.

Estas irregularidades concréntanse fundamentalmente en: votos de persoas falecidas, voto por correo sen as debidas garantías de identificación, carrexo interesado e condicionado de votantes, presións e ameazas sobre os votantes, as súas familias e patrimonios.

NON HAI XOGO LIMPO nas eleccións en Galicia, coa indiferencia da administración de xustiza e a reticencia dos partidos políticos a aprobar unha lei electoral na que a **manipulación da vontade democrática dos cidadáns** sexa considerada delito.

Ante este fenómeno empobrecedor, que nos converte nunha sociedade dependente e supeditada ó mercadeo de favores; ante a desesperación que se está a apoderar do partido que exerce o goberno na Xunta de Galicia disposto a recorrer a todo tipo de manobras para garantirse un escano; ante a pasmo da sociedade que non acepta que esta situación se considere unha "peculiaridade soportable" decidimos acudir á súa institución, solicitando o envío de OBSERVADORES e EXPERTOS que fagan un seguimento e valoración do proceso electoral iniciado recentemente en Galicia e que rematará o próximo 19/06/2005.

Estamos á súa disposición para completar esta denuncia con toda a documentación da que dispoñemos e que consideren necesaria.

En Galicia
30/05/2005